

Breve información sobre as probas de inglés máis destacadas.

CAMBRIDGE EXAMS

Exames de Inglés xeral administrados por Cambridge English. Amplamente recoñecidos dentro de Europa. Hai que escoller o nivel ao que presentarse.

B1: Preliminary English Test (PET- Cambridge English) (113 € aprox.)

B2: First Certificate in English (FCE- Cambridge English) (200 € aprox.)

C1: Certificate in Advanced English (CAE- Cambridge English) (200 € aprox.)

Administrados pola mesma institución, pero centrados no inglés de negocios ou comercial.

BEC 1: Preliminary (Business English Certificate) (B1) (125 € aprox.)

BEC 2: Vantage (Business English Certificate) (B2) (200 € aprox.)

BEC 3: Higher (Business English Certificate) (C1) (226€ aprox.)

Cambridge English Studies-Ferrol- Coruña

[Máis información sobre estas probas](#)

TRINITY EXAMS

Exames de Inglés xeral administrados polo Trinity College de Londres. Hai que escoller o nivel ao que presentarse.

B1: Trinity Integrated Skills in English Examinations ISE I (118 € aprox.)

B2: Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE II (170 € aprox.)

C1: Trinity College-Integrated Skills in English Examinations ISE III (215 € aprox.)

Estas probas poden realizarse en centros de Coruña ou Santiago

[Máis información sobre estas probas](#)

OTE (Oxford Test of English)- (120€ aprox.) (convocatoria mensual)

Exame de Inglés xeral administrado pola Universidade de Oxford. É un exame multinivel e, en función do resultado, o candidato obtén o recoñecemento dun determinado nivel.

St John's School of English- Ferrol

London Institute- Ferrol

[Máis información desta proba](#)

ANGLIA EXAMS-(convocatoria mensual)

Exames de Inglés xeral respaldados polo Ministerio de Educación do Reino Unido. Hai que escoller o nivel ao que presentarse.

B1: Anglia Examinations- Intermediate (105€ aprox.)

B2: Anglia Examinations- Advanced (145€ aprox.)

C1: Anglia Examinations- AcCEPT (165€ aprox.)

St John's School of English- Ferrol

[Máis información destas probas](#)

IELTS (International English Language Testing System) - Novembro 2021

Unha das certificacións máis recoñecidas a nivel mundial a nivel laboral e académico. Administrada conxuntamente polo British Council, IDP, IELTS Australia e Cambridge Assesment. Pode realizarse a opción “académica” ou a “xeral”

da proba. É un exame multinivel e, en función do resultado, o candidato obtén o recoñecemento dun determinado nivel.

Lugar: EUROLINGUA, Eurolingua - Santiago de Compostela

[Máis información desta proba](#)

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)- Novembro 2021

Outra certificación de gran recoñecemento a nivel mundial, sobre todo en USA. Principalmente Inglés americano. É unha proba multinivel principalmente sobre contextos relacionados co mundo académico.

Lugar: Innova Idiomas- Coruña

[Máis información desta proba](#)

TOEIC (Test of English for International Communication)- Mensual (170€ aprox.)

Similar ao TOEFL, pero é unha proba multinivel que mide o dominio do Inglés en contextos laboráis. É o test de medición de Inglés máis empregado no mundo.

St John's School of English- Ferrol

[Máis información desta proba I](#)

[Máis información desta proba II](#)